

PUBLICACIÓN DE CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO

Santiago de Compostela 26/12/2022

Publicadas hoxe en DOG as resolucións polas que se convocan os seguintes procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/202, pola quenda de acceso libre e mediante os sistema de concurso, para o ingreso en:

- Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, e para o ingreso nas categorías 19, 32, 38 e 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia e no corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, e para o ingreso nas categorías 3, 5, 6, 9, 35 e 39 do grupo II de persoal laboral da Xunta de Galicia e persoal laboral propio do Cixtec (grupo II).
- Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia; no corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1; para o ingreso no corpo de técnicos de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo B, e para o ingreso nas categorías 3, 12, 15, 34, 36, 37, 43, 52, 54, 54B, 66, 71, 94, 98, 100, 101, 103, 104 do grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia e persoal laboral propio do Cixtec (grupo III).
- Corpo auxiliar de Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia, subgrupo C2, no corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2; e para o ingreso nas categorías 7, 20, 21, 24, 25, 31, 32, 33, 34, 37 e 39 do grupo IV de persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Agrupación profesional de persoal funcionario da Xunta de Galicia, na escala de persoal subalterno da Xunta de Galicia e na escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais da Xunta de Galicia e para o ingreso nas categorías 10B, 10C, 14 e 14A do grupo V de persoal laboral da Xunta de Galicia.

**O PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES SERÁ DE VINTE (20) DÍAS
HÁBILES, QUE SE CONTARÁN A PARTIR DO DÍA 16 DE XANEIRO DE 2023**

